

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA QUINCE DE XULLO DE DOUS MIL DEZASEIS.**

Na Casa do Concello de Valdoviño - Salón de sesións- , ás vinte horas e dez minutos, do día quince de xullo de dous mil dezaseis, celebrase sesión ordinaria do Pleno da Corporación que presidiu o Sr. Alcalde e coa asistencia dos concelleiros que de seguido se citan. Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota M. González Navarro, e da interventora, dona Gema Leal Insua. Declárase polo Sr. Alcalde – Presidente aberta a sesión, con arranxo á Orde do día.

Asistentes:

Partido dos Socialistas de Galicia – Partido Socialista Obreiro Español PSdeG-PSOE

Don Alberto González Fernández, (Alcalde), dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández, dona Jessica Sabín Fernández, don Alejandro Antonio García Sousa.

Partido Popular-PP

Don José Antonio Vigo Lago, don Esteban García Alonso, don José Antonio Rodríguez Fernández, dona María Cristina Freire Aneiros (Que se incorpora no intre de debater o 2º punto da Orde do Día).

Unidos por Valdoviño (U POR V)

Don Manuel Javier Bacorelle Robles

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Don Carlos Alberto Ameneiros Serantes.

Non acudiu o concelleiro de Centristas de Valdoviño (CENVAL)

Don Luis Manuel Beceiro Rodríguez.

## **ORDE DO DÍA**

### **I) PARTE DISPOSITIVA**

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 17.06.16.-**

O Sr. Alcalde pregunta se alguén quere facer algunha observación ao borrador; e non formulándose observacións procedese á votación da aprobación.

**O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade, dos presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión do 17.06.16.**

## **2º.- DETERMINACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS NO TÉRMINO MUNICIPAL DE VALDOVIÑO, AÑO 2017.-**

*Sometese a aprobación do Pleno, a seguinte proposta de Alcaldía, previu ditame favorable da comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa emitido en sesión do día 11.07.16:*

“Visto o escrito do Servizo de Traballo e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria de data 20.06.2016, rexistro de saída número 6669, con entrada nas oficinas municipais o 23.06.16, con rexistro entrada núm. 2107, de Asunto: *Calendario Laboral 2017 e,*

Vista a previsión das festas laborais na Comunidade Autónoma de Galicia e as festas de ámbito estatal para o vindeiro ano 2017.

Esta Alcaldía aos efectos de dar resposta á súa comunicación e Vistos os artigos 37 do Estatuto dos Traballadores e o artigo 46 do Real decreto 2001/1983 de 28 de xullo, PROPÓN ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-**Determinar os seguintes dous días do ano natural como festivos locais neste término municipal de Valdoviño para o vindeiro 2017:

**.- 28 de febreiro, martes de carnaval (antroido).**

**.- 17 de agosto, día de San Mamede.**

**SEGUNDO.-**Remitir o acordo adoptado á Xefatura Territorial da Coruña correspondente á Consellería de Economía, Emprego e Industria aos efectos de que poidan ditar a correspondente resolución.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime convinte.

En Valdoviño, a 07 de xullo de 2016.

O Alcalde,

Asdo/ Alberto González Fernández.”

### **DELIBERACIÓN**

O Sr. Alcalde, sinala que se volveu a fixar coma festivo o martes de carnaval, no canto do día de San Xoán por cadrar este día en sábado e para evitar que poida xurdir algún problema con este día da semá coma aconteceu en algún ano.

Expón a idea o Sr. Ameneiros de ter en conta os festivos patronais das parroquias e diversos concelleiros citan días de festas nas distintas parroquias.

/Neste intre de debate fai a súa entrada na sesión a concelleira Sra. M<sup>a</sup> Critina Freire Aneiros/.

Non se sinalan datas distintas á proposta da Alcaldía, e o Sr. Alcalde anuncia que se vai proceder á votación.

**O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acordou a aprobación da anterior proposta de determinación dos festivos locais para o ano 2017.**

### **3º.- APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DE BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL, PRORROGADO PARA O ANO 2016.-**

*/Proposta de Alcaldía, informada favorablemente na comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa, en sesión de data 11.07.16/:*

PROPOSTA DA ALCALDÍA:

**“Faise necesario proceder a modificar as bases de execución do orzamento prorrogadas para o exercicio 2016**

Advertido pola interventora municipal que na base 25<sup>a</sup> das bases de execución orzamentaria, non se contempla retribución algunha pola asistencia ás mesas de contratación, procede incluír o abono dunha asistencia de importe 55 € á dito órgano colexiado, toda vez por erro non se incluíu dito órgano colexiado na dita base por erro.

Ante a necesidade de proceder á modificación das subvencións nominativas contempladas nas bases de execución do orzamento do ano 2014, que xa foron modificadas no exercicio 2015 e que foron prorrogadas para o ano 2016, co obxectivo de adecualas á situación socioeconómica real de cada un delas así como o equilibrio orzamentario municipal.

Na base nº 26<sup>a</sup> VII das Bases de execución do orzamento do 2014, prorrogado para o ano 2016, regúlanse as subvencións nominativas, segundo o cal o Concello de Valdoviño poderá conceder de forma directa aquelas subvencións previstas nominativamente no orzamento, nos termos previstos nos artigos 22.2 a) e 28 da Lei Xeral de subvencións, sendo necesaria a realización previa dun convenio. No mencionado apartado enuméranse as subvencións nominativas previstas e os importes máximos a favor de cada una delas.

Polo tanto, procede modificar as Bases de execución do orzamento, concretamente a Base nº 26<sup>a</sup> VII, para a concesión de subvencións nominativas polos seguintes importes máximos segundo se detalla a continuación:

Aplicación orzamentaria 334 489 00:

Colaboración no financiamento de actividades de gasto corrente de carácter cultural e con incidencia clara na promoción turística e promoción do desenvolvemento económico

ASOCIACIÓN VECIÑOS OS CASTROS DE LOURIDO	1.000
ASOCIACIÓN CULTURAL BEIRAMAR DE PANTÍN	1.000
ASOCIACIÓN CULTURAL Y DEPORTIVA ROSALÍA DE VILABOA	1.000
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE MEIRÁS	1.000
ASOCIACIÓN CULTURAL A FROUXEIRA DE VALDOVIÑO	1.000
ASOCIACIÓN CULTURAL SAN MIGUEL DE AVIÑO	1.000
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SANTIAGO DE LAGO	1.000
ASOCIACIÓN CULTURAL Y RECREATIVA VECIÑOS DE LAGO	1.000
ASOCIACIÓN CULTURAL MESTURA DE MEIRÁS	1.000
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE VILARRUBE	1.000
CORAL POLIFÓNICA ALENTÍA MEIRÁS	500
ASOCIACIÓN CULTURAL RECREATIVA "OS AMIGOS"	500
ASOCIACIÓN CULTURAL RECREATIVA FEIRAS E EVENTOS DE VALDOVIÑO (FEVALDO)	1.000
ASOCIACIÓN BAIXADA DE CARRILANAS A SAN MAMEDE	6.000

Aplicación orzamentaria 321 489 00

Colaboración no financiamento de actividades extraescolares de carácter educativo

ANPA BEIRAMAR CPI DE ATIOS	4.000
----------------------------	-------

Aplicación orzamentaria 338 489 00

Colaboración económica cos gastos de carácter corrente que derivan da organización de festas populares o que conleva fomentar o turismo e actividade económica local.

ASOCIACIÓN PERCEBEIROS DE MEIRÁS	1.000
----------------------------------	-------

Aplicación orzamentaria 130 489 00

Colaborar económicamente coa Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Valdoviño, axudando a soportar os gastos que derivan da dita entidade.

A. VV. PROTECCIÓN CIVIL DE VALDOVIÑO	10.000
--------------------------------------	--------

Aplicación orzamentaria 341 489 00

Colaborar económicamente coas entidades que se detallan para a organización de actividades/eventos deportivos que conlevan tamén promocionar turísticamente o noso concello e axudan ao desenvolvemento económico do mesmo.

SOCIEDAD DEPORTIVA VALDOVIÑO	2330
CENTRO DEPORTIVO VILABOA	3020
ESCUELA DE FUTBOL BASE AMISTADE DE MEIRÁS	2900
MEIRÁS CLUB DE FUTBOL	5516
UNIÓN DEPORTIVA LAGO	2150
CLUB A FROUXEIRA DE TIRO CON ARCO	300
KAYAK SURF	2.000
CLUB SURF PRAIA DE PANTÍN	10.000

Igualmente tamén se advirte pola interventora municipal, que determinadas fases de expedientes de gasto non se lle remitiron a fiscalización previa, cando ao non constar en bases de execución referencia algunha ao control e fiscalización limitada, non cabería omitir o dito trámite esencial, en consecuencia procédese a inclusión dunha base de execución nº 27 referido ao control e fiscalización limitada. Procédese a regular supostos de fiscalización limitada en supostos concretos nos que prima a axilidade da tramitación por existir prazos perentorios para a resolución do expediente, a estos efectos propónse a inclusión da base nº 27 nos seguintes termos

## ***“BASE 27ª. CONTROL E FISCALIZACIÓN.***

*1. Conforme se establece no artigo 219 do TRLFL establécese que non estarán sometidos a intervención previa, os gastos de material non inventariable, os contratos menores, así como os de carácter periódico e demais de tracto sucesivo, unha vez sexa intervido o gasto correspondente ao período inicial do acto ou contrato de que se deriven as modificacións, así como outros gastos menores de 3.000,00€ que conforme coa normativa vixente, se fagan efectivos a través do sistema de anticipos de caixa fixa. Tamén se limita a fiscalización previa nas propostas de concesión de pagamentos a xustificar*

*2. Nos supostos que exista menos de tres días para efectuar o trámite de fiscalización, ou o expediente conte con informe xurídico de legalidade de funcionario con titulación superior, a Intervención limitaranse a verificar os seguintes extremos:*

- Existencia de crédito orzamentario, adecuado a natureza do gasto que se propoña contraer. E nos supostos que se trate de contraer compromisos de gasto de carácter plurianual, comprobarase, ademais que se cumpre co establecido no artigo 174 do TRLFL.*
- Que o órgano que adopta o acordo é o competente para adoptar dito acordo.*

*3. Existirá fiscalización previa limitada nos expedientes de concesión de pagamento a xustificar a habilitado de importe inferior ou igual a 300 €, ou os destinados a axudas de emerxencia social que se acompañen dos informes favorables do departamento de Benestar Social. A Intervención verificará neste momento a existencia de crédito adecuado e suficiente. No momento da xustificación procederá completar o informe a outros aspectos.*

*4. Existirá fiscalización previa limitada no suposto da fase de compromiso de gasto de persoal, consecuencia de procedementos selectivos de persoal laboral temporal, sempre que se houberse fiscalizado sen limitación de tempo a fase de autorización do gasto e sempre que a proposta de contratación coincida coa proposta feita polo tribunal de selección do que formen parte funcionarios con funcións de asesoramento legal. A fiscalización previa será substituída pola comprobación co pago da primeira nómina da acta final do tribunal, resolución de contratación e datos do contrato asinado e alta na seguridade social.*

*5. En todo caso a Intervención poderá formular as observacións complementarias que considere oportunas en todos os expedientes de fiscalización limitada.*

*6. A Intervención avaliará anualmente a recorrencia á limitación da fiscalización previa, nos supostos de que exista unha limitación de tempo, valorando si se atopa o suficientemente xustificada.*

7. *En materia de ingresos, non existe fiscalización previa, a Intervención procederá somentes a toma de razón contable unha vez se remita certificado de acorodo do órgano competente, previa comprobación por persoal dos servizos económicos dos datos, e anualmente efectuará comprobacións mediante técnicas de mostraxe e auditoría, sinalando as anomalías que detecte.*

8. *En referencia a Intervención material do gasto, indicar que a realización efectiva do mesmo e a súa corrección enténdese sempre que exista a acreditación establecida na base nº 14.b) para o recoñecemento da obriga. En referencia a recepción das obras os funcionarios do concello con titulacións técnicas (arquitecto ou aparelador) acudirán ao acto de recepción en delegación da intervención aos efectos da comprobación material. No suposto de obras que contén con financiamento da Deputación Provincial, a asistencia de funcionarios do dito ente surtirá os mesmos efectos.”*

Igualmente advírtese pola intervención municipal sobre a ausencia de regulación concreta sobre a rendición de información económica ao Pleno, conforme se require no exercicio 207 do TRLFL, ao igual que non se establece concreción da obriga que se determina no artigo 218 do TRLFL, así para solucionar a dita carencia propónse a inclusión nas bases de execución do orzamento da base nº 28 coa seguinte redacción;

#### **“BASE 28ª. INFORMACIÓN A RENDER AO PLENO**

1. *A información prevista no art. 207 do TRLRFL deberá renderse ao Pleno con posterioridade ao subministro de información ao Ministerio de Facenda a través da Oficina virtual de entidades locais, para a rendición de información que se determina na Orden HAP/2105/2012 de 1 de Outubro, polo que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na LOEOSF, e conforme modificacións efectuadas pola Orden HAP/2082/2014 ( periodicidade prevista na dita normativa ou a que determinen a habilitación das plataformas de rendición telemáticas, de ser en un momento posterior).*

2. *En referencia á obriga que se establece no artigo 218 do TRLFL, indicar que se fixa para o seu cumprimento con unha periodicidade anual, coincidindo coa sesión plenaria na que se someta a aprobación a conta xeral do exercicio.”*

En consecuencia propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo,

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente a modificación das bases de execución do orzamento, prorrogadas para o ano 2016, modificando a base nº 25 e 26 segundo o indicado, e incluíndo a base nº 27 e 28 coa redacción exposta.

**SEGUNDO:** Expoñelo ó público mediante anuncio no BOP, de conformidade co disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados pidan examinalo e presentar reclamacións.

**TERCEIRO:** Se durante dito prazo non se presentaran reclamacións, a modificación das bases de execución do orzamento prorrogadas para o ano 2016, anteriormente descrita considerarase definitivamente aprobada, de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Valdoviño, 6 de xullo de 2016

O alcalde, Asdo.: Alberto González Fernández”

#### DEBATE

Sr. Alcalde.- Asistimos a un incremento do número de asociacións moitas delas sen estar activas, polo que se tramita un novo expediente de Asociacións.

A efectos de percibo de subvencións algunhas o ano pasado non xustificaron, tamén algunha deixou de facer actividades que viña realizando todos os anos.

Apostamos, por realizar proposta retirando algunhas subvencións (coma a Asociación de Ex\_alcohólicos ante a dubida da súa laboura no municipio; a Roberto Lorenzo, que deixou de competir; a Cáritas por considerar o seu aspecto social e non de Asociación), reducindo ademáis a contía noutras coma ás Corais (porque as actividades que realiza son en parte remuneradas) e a algúns grupos teatrais, porque perciben outras axudas.

Tamén hai cambios nas de carácter deportivo, por exemplo a incorporación da Asociación de Tiro con Arco.

Sra. Freire Aneiros.- ¿Cales non xustificaron?

Sr. Alcalde .- FEVALDO e a Asociación de Lourido.

A Asociación de Loira solicita para adquisición de terreo.

Sr. Vigo Lago.- Entendo que se pode adquirir o terreo. Pode ocorrer que a Asociación desapareza e o pode ceder ao Concello.

Sr. Alcalde.- Falaremos disto, a idea é a cesión (para uso).

Sr. Saavedra Gutiérrez.- Reorganizamos as cantidades das asociacións deportivas, tal como figuran na proposta.

Sr. Rodríguez Fernández.- ¿Hai convenio con Meirás para que poidan entrenar outros alí?

Sr. Saavedra.- Temos convenio con todos os clubs. No campo municipal, no inverno, restrinximos o uso. Temos consensuado con todos os clubs.

Sr. Alcalde.- Sí, e incluso propuxeron que ao de Meirás o Concello lle dese máis cantidade.



Sr. Ameneiros.- Pareceme ben ter uns criterios.

Sr. Vigo Lago.- Nós non colaboramos neste tema, porque opinamos que quizáis houbera que estudar máis os criterios.

**O Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos asistentes á sesión acordou aprobar a modificación de bases de execución do orzamento municipal, conforme á proposta transcrita.**

*Votos a favor dos grupos: PSdeG-PSOE, U POR V, BNG (8 votos).*

*Votos en contra do grupo PP (4 votos).*

#### **4º.- EXPEDIENTE Nº 1/2014, DE INVESTIGACIÓN DE CAMIÑO SITO NO LUGAR DE O CASTRO-LAGO.**

*/Proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa no día 11.07.16/:*

“Á vista do expediente de investigación de camiño nº 1/2014 incoado por este Concello acerca da titularidade do camiño sito no Lugar de Castro, Parroquia de Lago, Valdoviño no que seguironse os trámites legalmente establecidos .

Á vista da documentación que obra no mesmo .

Á vista do informe da Oficina Técnica de Obras e Urbanismo de data 2 de febreiro de 2016 no que se conclúe " Unha vez analizados todos os antecedentes existentes sobre o camiño obxecto deste expediente de investigación e expostos no apartado anterior , pódense facer as seguintes conclusións: " III.1. En canto ao primeiro tramo do camiño: Queda acreditado que sobre o lindeiro noroeste das parcelas catastrais núm.1474 e 1475 existiu un camiño público que tendo o seu inicio no camiño público núm 1C.1.0158 seguía unha traxectoria suroeste . Trátase do primeiro tramo descrito no apartado I deste informe que se reflicte e ,menciona nos seguintes antecedentes:

- Na cartografía pertencente ao catastro do ano 1957-folla 62D(anexo núm.5)
- No título de compravenda da parcela núm.1474 do ano 1961, propiedade de Vicente Pedro Veiga García-linde oeste (anexo núm 6)
- No título de propiedade da parcela núm.1475, pertencente a María Manuela Pardo Lorenzo, linde oeste segundo consta no informe pericial emitido por Esteban García Alonso (anexo núm 11)

- No título de propiedade da parcela núm.355, pertencente no seu día a Blanca de las Nieves Quiroga y Pardo Bazán , segundo consta no informe pericial emitido por Esteban García Alonso (anexo núm.11)

- Nas bases definitivas do proceso de concentración parcelaria realizado na Parroquia de Lago no ano 1966 (anexo núm.14)

III.2. En canto ao segundo tramo do camiño :

Pódese concluír que sobre o lindeiro suroeste da parcela núm.1474 non existe camiño público , basándose dita afirmación nos seguintes antecedentes:

- Na cartografía pertencente ao catastro do ano 1957 (anexo núm.5) non consta este segundo tramo do camiño .

- Na certificación expedida polo Arquivo do Reino de Galicia , pertencente á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (anexo núm.10),sobre os lindes catastrais do ano 1957 das parcelas núm.83 e 84 non consta o camiño como linde nordeste das mesmas,figurando a parcela núm.82 a nome de Vicente Veiga Doce (actualmente sería a núm.1474 a nome de Vicente P.Veiga García)

- No titulo de compravenda da parcela 1474 do ano 1961, deVicente Veiga Doce a favor de Vicente P.Veiga García non consta o camiño como linde sur da parcela ,figurando a propiedade privada de Salvador e Juana García a día de hoxe sería a parcela catastral núm.356 propiedade de José Carlos Castro Figueroa(anexo núm.6)

- A Parcela 1474 foi excluída do proceso de concentración parcelaria da Parroquia de Lago , segundo quedou acreditado na certificación emitida pola Xefa de Sección de Topografía da Consellería de Medio Rural e do Mar(anexo núm.9),polo tanto non parece razoable que en dito proceso de concentración se estableza a apertura dun camiño público sobre terreos excluídos . Polo tanto sería un erro que no título de propiedade da parcela 356 apareza tal camiño como linde norte(anexo núm.4).

Por todo o anterior o técnico que asina este informe entende ,baixo o seu estricto ámbito de competencias meramente técnicas e sen prexuízo de mellor interpretación xurídica ou técnica ao respecto ,que queda acreditado a existencia do primeiro tramo do camiño público ,que debería discorrer sobre os lindes noroeste das parcelas catastrais núm .1474 e 1475 do polígono 501, cun ancho de 3,00 m,tendo o seu inicio o camiño público con núm.de activo 1C.1.0158 e o seu final na parcela catastral núm.356, do polígono 501. Polo contrario non se pode confirmar a existencia do segundo tramo do camiño que descorrería polo linde suroeste da parcela catastral 1474, en continuación co

anterior ata finalizar na estrada autonómica AC-116, debéndose polo tanto de corrixir dito erro no Inventario de camiños municipais".

Á vista do informe da Secretaría Municipal de data 10 de xuño de 2016 no que establécese que "examinadas as alegacións e o informe do arquitecto técnico municipal tal y como recolle queda acreditado a existencia do primeiro tramo do camiño público ,que debería descorrer sobre os lindes noroeste das parcelas catastrais núm.1474 e 1475 do polígono 501, cun ancho de 3,00 m, tendo o seu inicio no camiño público con núm de activo 1C.1.0158 e o seu final na parcela catastral núm.356, do polígono 501. Polo contrario non se pode confirmar a existencia do segundo tramo do camiño ,que descorrería polo linde suroeste da parcela catastral 1474, en continuación co anterior ata finalizar na estrada autonómica AC-116, debéndose polo tanto de corrixir dito erro no Inventario de camiños municipais".

Esta alcaldía en vista das atribucións conferidas pola lexislación vixente propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO** – Declarar a titularidade pública do camiño que discurre polos lindes noroeste das parcelas catastrais núm.1474 e 1475 do polígono 501 cun ancho de 3,00 m tendo o seu inicio no camiño público con núm de activo 1C.1.0158 e o seu final na parcela catastral 356 do polígono 501.

**SEGUNDO** - Eliminar do Inventario de Viais Municipais o segundo tramo do camiño que descorre polo linde suroeste da parcela catastral 1474, en continuación co primeiro tramo ata finalizar na estrada autonómica AC-116.

**TERCEIRO** – Que se reflecta o acordado no Inventario de Viais Municipais.

**CUARTO**- Notificar este acordo a tódolos interesados.

En Valdoviño, a 15 de xuño de 2016

O Alcalde, Asdo.: Alberto González Fernández”.

#### DEBATE

Sr. Alcalde.- Trátase dun camiño sito no alto do Castro, en Lago, que queda considerado en parte público e en parte privado. Realmente é un traballo e determinación dos técnicos, no que está baseada a proposta.

**O Pleno, aprobou, en votación ordinaria e por unanimidade, a proposta de Alcaldía precitada.**

#### **5º.- APROBACIÓN INICIAL DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.**

*/Proposta de Alcaldía, ditaminada de xeito favorable na comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa o día 11.07.16/:*

“Visto o artigo 17 de RD 1372/1986, de 13 de xuño polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais, establece que as Corporacións Locais están obrigadas a formar inventario de tódolos seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza e forma de adquisición, formaranse inventarios separados dos bens e dereitos personalidade propia e dependentes das Corporacións Locais.

Vista, polo tanto, a necesidade existente neste Concello de aprobar un Inventario de Bens e Dereitos Municipais .

Vista a documentación obrante nos arquivos municipais e o informe de secretaría de data 6 de xullo de 2016 sobre a lexislación aplicable.

Esta alcaldía en vista das atribucións conferidas pola lexislación vixente propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO-** A aprobación inicial do Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Valdoviño e cuxo resume por epígrafes é o seguinte :

EPIGRAFES	Numero de Bens e dereitos que comprende	Folios	Valoración
<b>1º Inmobles</b>			
EPIGRAFE 1A - FINCAS URBANAS .....	69	1 al 69	5.518.392,63 €
EPIGRAFE 1B - FINCAS RUSTICAS .....	55	1 al 55	651.882,87 €
EPIGRAFE 1C - VIAIS MUNICIPAIS .....	1.583	1 al 1583	9.594.560,63 €
EPIGRAFE 1D - OUTROS BENS .....	28	1 al 28	153.620,00 €
EPIGRAFE 1E - CESIÓNS A VIAIS E COMPRA DE TERREOS A VIAIS			
1E1 - Cesións obrigatorias a viais .....		1 al 0	€
EPIGRAFE 1F - INFRAESTRUCTURAS			
1F2 - Saneamento .....		1 al 0	€
1F3 - Abastecemento .....		1 al 0	€
1F1 - Alumeados .....		1 al 0	€

<b>2º Dereitos Reais .....</b>	<b>1</b>	<b>1 al 1</b>	<b>€</b>
<b>3º Mobles de Carácter Histórico, Artísticos .....</b>		<b>1 al 0</b>	<b>€</b>
<b>4º Valores mobiliarios Creditos e Dereitos de carácter persoal.</b>			
EPIGRAFE 4A - CREDITOS E DEREITOS .....		1 al 0	€
EPIGRAFE 4B - VALORES MOBILIARIOS .....		1 al 0	€
<b>5º Vehículos .....</b>		<b>1 al 0</b>	<b>€</b>
<b>6º Semoventes .....</b>		<b>1 al 0</b>	<b>€</b>
<b>7º Mobles non comprendidos nos anteriores enunciados.</b>			
EPIGRAFE 7.1 - BENS SIMPLES .....		1 al 0	€
EPIGRAFE 7.2 - BENS POR CANTIDADE .....		1 al 0	€
<b>8º Bens e Dereitos revertibles .....</b>	<b>1</b>	<b>1 al 1</b>	<b>1.048.320,00 €</b>
<b>9º Bens Adscritos .....</b>	<b>1</b>	<b>1 al 1</b>	<b>€</b>
<b>TOTAIS</b>			<b>16.966.776,13</b>

Ascende o valor total dos bens e dereitos pertencentes a esta Corporación, na data de confección do presente inventario, á cantidade de euros 16.966.776,13 €

**SEGUNDO** – Publicar dito acordo no BOP por un período dun mes aos efectos de efectuar alegacións.

Valdoviño, a 8 de xullo de 2016

O ALCALDE, ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ”

DEBATE

Sr. Alcalde.- Era necesario esta aprobación, como complemento do inventario de camiños.

Sr. Vigo Lago.- Si, hai pequenos fallos que haberá que ir solventando (coma casos de repeticións), pero o traballo está ben feito.

Sr. Rodríguez Fernández.- ¿Cal é o seguinte paso?

Sra. Secretaria.- A información pública, aínda que non é obrigatoria.

Sr. Alcalde.- Sí, pero pensamos que é bo expoñelo ao público.

Conforman nesta idea todos os grupos.

**O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.**

**6º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE VALDOVIÑO, COMO MUNICIPIO SOLIDARIO CO ALZHEIMER.**

*/A citada declaración recibiu o ditame favorable da comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa o día 11.07.16/.*

“Conscientes de que el Alzheimer es el tipo de demencia más prevalente que, en la actualidad afecta en España a 3,5 millones de personas entre quienes la sufren y sus familiares cuidadores.

Conscientes de que el Alzheimer es un problema de carácter socio-sanitario, cuyo principal abordaje se establece en el ámbito familiar.

Conscientes de que la prevalencia de la enfermedad se verá duplicada en los próximos veinte años debido, fundamentalmente, a la mayor esperanza de vida de la población. Conscientes de que los costes directos e indirectos que genera el Alzheimer entre las familias supera los 30.000€ anuales.

Conscientes de la escasa dotación de recursos socio-sanitarios específicos con que se cuenta para afrontar las necesidades de las personas y familias afectadas.

Conscientes de que, a pesar de las diferentes recomendaciones formuladas desde el Parlamento Europeo, la Comisión Europea y, más recientemente, la Organización Mundial de la Salud en España no existe un plan específicamente dirigido a paliar los efectos de la enfermedad.

Sabedores que en Valdoviño existe una importante incidencia de la enfermedad entre sus vecinos, quienes a la falta de recursos específicos han de añadir, también, las dificultades derivadas de su lejanía con respecto a áreas urbanas de mayor dimensión.

Sabedores de que la población local de Valdoviño está envejeciendo y que ello conlleva importantes riesgos a la hora de adquirir o padecer una demencia (sobre todo tipo Alzheimer).

El Ayuntamiento de Valdoviño quiere hacer constar su preocupación hacia este problema de primera magnitud declarándose “Municipio Solidario con el Alzheimer”.

De este modo, el Ayuntamiento de Valdoviño quiere, con este gesto institucional, servir de ejemplo a otros municipios y apoyar a la sensibilización y concienciación de la sociedad, instituciones y políticos sobre este problema socio-sanitario de primera magnitud.

Declarándose “Municipio Solidario con el Alzheimer”, el Ayuntamiento de Valdoviño apoya la iniciativa liderada por CEFA que reivindica la puesta en marcha de una Política de Estado de Alzheimer”.

**O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, acordou aprobar a declaración institucional transcrita.**

## II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

### 7º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA. RELACIÓN NÚM. 06/2016.

237	08-06-16	Aprobación definitiva da listaxe de candidatos de limpeza de praias, ano 2016, convocándoos para realización da proba e designando aos membros do Tribunal Cualificador.
238	08-06-16	Convocatoria de sesión ordinaria de Xunta de goberno local do 09.06.16.
239	09-06-16	Concedeselle á funcionaria MC.L.R. o día 10.06.16 coma de asuntos propios.
240	13-06-16	Aprobase a redución do Servizo de Axuda no Fogar aos usuarios M.P.G e JM: P.T, visto informe da Traballadora Social do Concello.
241	14-06-16	Convocatoria sesión ordinaria Pleno da Corporación do 17.06.16
242	14-06-16	Nomeando secretaria accidental na sesión plenaria de 17.06.16 á funcionaria Pilar Rivera Rguez, vista autorización e nomeamento da Dirección Xª de Admon. Local.
243	15-06-16	Convocatoria sesión ordinaria de Xunta de goberno local do 16.06.16.
244	16-06-16	De aprobación de expediente de xeración de créditos. Importe total: 5.600 euros.
245	16-06-16	De aprobación de importe da Celebración da I Carreira Popular Volta ás Forcadas por contía máxima de 1.570,12€; de adxudicación de subministro vestiario á Policía Local a "Peycar Pontevedra, SL", por 2.199,78€ e de adxudicación do servizo de alfabetización de persoas adultas Programa Emerxendo VI-2016, autorizando o gasto por 2.400 euros.
246	16-06-16	De aprobación de expediente de xeración de créditos. Importe total: 23.930,50 euros.
247	16-06-16	De aprobación das cotas da taxa por prestación do Servizo de Axuda no Fogar do mes de maio/16. Importe total: 6.296,13€.
248	16-06-16	De solicitude de subvención ao Instituto Enerxético de Galicia para proxectos de mellora de eficiencia enerxética das instalacións de iluminación pública (DOGA nº 93 de 18.05.16) e aprobación dos proxectos a incluír.
249	16-06-16	Resolvendo continuar coa tramitación da contratación de persoal de RISGA levantando o reparo suspensivo interposto pola intervención municipal.

250	17-06-16	Aprobase a proposta do Tribunal Cualificador do proceso selectivo contratación persoal limpeza praias: puntuacións, relación aspirantes propostos para ser contratados e relación aspirantes propostos coma reserva.
251	16-06-16	Concedeselle ao funcionario A.V.H. o día 20.06.16 coma de asuntos propios.
252	20-06-16	Aprobando a devolución de ingreso de subvención do FEESL, por importe de 115.590,73€ de principal e 25.384,45€ de xuros derivados do incumprimento da obriga de xustificación dentro do prazo, con aprazamento/fraccionamento concedida pola Axencia Tributaria conforme se especifica no decreto.
253	21-06-16	De aprobación de expediente de xeración de créditos. Importe total: 5.897,40 euros.
254	21-06-16	Concedenselle ao funcionario S.L.V. os días 23 e 24 de xuño/16 coma de asuntos propios.
255	21-06-16	Autorizando celebrar festas patroais en honor a San Pedro na parroquia de Loira os días 23, 24, 25 e 26 de xuño/16.
256	21-06-16	Resolución estimatoria de alegacións do expte sancionador de tráfico nº 13379/2015.
257	22-06-16	Concedeselle á funcionaria R.G.V. o día 22.06.16 coma de asuntos propios.
258	22-06-16	Efectuando nomeamento de 12 persoas para limpeza praias e ordeando e aprobando listaxe de reserva, e ordeando realizar os trámites pertinentes da contratación.
259	22-06-16	Aprobanse as bases e convocatoria para contratación laboral temporal de dous socorristas ao abeiro de subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
260	22-06-16	Autorizando instalación de actividade de temporada (kiosco venda xeados e refrescos) a Antonio Dopico charlón.
261	22-06-16	Aprobase a extinción do Servizo de Axuda no Fogar ao usuario A.F.F. tralo seu falecemento.
262	22-06-16	Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico. 144 exptes. Importe principal: 14.280€; bonificado: 7.140€.
263	22-06-16	De levantamento de reparo emitido pola intervención municipal sobre factura de prestación do SAF a dependentes no mes de abril, nº rexistro contable F/2016/830 e ordeando se tramite a súa aprobación.
264	22-06-16	Convocatoria sesión ordinaria de Xunta de goberno local de 23.06.16.
265	23-06-16	Concesión de licencia en 28 expedientes de obra menor.
266	23-06-16	Resolvendo adopción de acordos en relación ao sistema de aprobación de nóminas aprobando as retribucións dos



		funcionarios de xuño (52.501,13€ brutos); dos laboráis (45.758,20)€ e as destinadas aos membros da Corporación a abonar neste mes por 4.304,55€.
267	27-06-16	De avocación de competencia en contratación servizos socorrismo, e requerir á empresa “Move Servicios de Ocio e Deporte, S,L” documentación previa á adxudicación por non presentar a empresa “Axiña” a debida documentación.
268	29-06-16	Elevanse a definitivas as puntuacións dos aspirantes a socorristas, ordease a contratación dos propostos polo Tribunal e aprobase a listaxe de reserva.
269	29-06-16	Convocatoria sesión ordinaria Xunta goberno local de 30.06.16.
270	29-06-16	De levantamento de reparo emitido pola intervención municipal, respecto a algunhas das facturas da relación a aprobar en Xunta de Goberno local de 30.0.16.
271	04-06-16	Denegando solicitude a peticionario para conexión ao servizo público da auga.
272	06-07-16	Autorizando festas patroais en honor á Virxe do Porto na parroquia de Meirás, días 8, 9 e 10 de xullo.
273	06-07-16	Acordando se proceda á ordenación das direccións circulatorias para acceso á zona dos festexos populares en honor á Virxe do Porto”.
274	06-07-16	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de goberno local do 07.07.16.

**Dada conta dos decretos en virtude do establecido no artigo 42 do ROF, o Pleno tomou razón dos mesmos.**

#### **8º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Toma a palabra o Sr. Alcalde para informar ao Pleno sobor do socorrismo das praias, que se está prestando en Valdoviño.

Na nosa Comunidade este ano hai praias que carecen deste servizo, o que lles acarrexou a perda de bandeiras azuis, e todo derivado da normativa do Goberno Galego, que causou estas incidencias directas.

No referente a Valdoviño a empresa que gañou o concurso, non entregou a documentación e dilatou os prazos. Incorporase unha segunda empresa en orde de puntuación e empezou a prestar o servizo, pero non conquería os socorristas totais da súa oferta. Chamouse aos representantes das empresas a unha reunión. A cuarta empresa en puntuación non acudiu e contestou que non tiñan capacidade e a terceira empresa en

puntuación dubidou, en último momento dixo que sí cumpría pero hoxe mesmo presentou escrito de renuncia.

Ante esta situación manteremos pois á empresa que está prestando o servizo, “MOVE”, e haberá que buscar unha fórmula para poder cumprir en todas as praias e prestar o maior servizo posible.

O Sr. Rodríguez Fernández pregunta sobre a prestación do servizo de socorrismo na piscina municipal; resumindo o Sr. Alcalde que igualmente o servizo está cuberto, se ben tamén se produciron contratemplos, posto que houbo renuncias por parte dos aspirantes propostos para a contratación.

Presupón o Sr. Ameneiros Serantes que se lles abrirá un expediente ás empresas que ofertaron e non cumpriron e por outra banda di non entender que os gastos das praias veñan habitualmente sendo asumidos no nivel municipal cando para calquera actuación nesas zonas se precisa o consentimento e autorización de Costas.

Sobre esta última anotación indica o Sr. Alcalde que este tema se falou na FEGAMP e o Sr. Vigo Lago mantén que debían aportar algo os concellos limítrofes cuxa poboación ven utilizando de xeito habitual as praias do noso termo municipal.

O Sr. Ameneiros Serantes apunta tamén á necesidade de reorganizar doutra maneira a prestación do servizo de Protección Civil.

O Sr. Bacorelle Robles transmite a queixa de que estivese posta a bandeira vermella en días en que é obvio que debería estar en verde.

Comparte esta queixa o Sr. García Alonso, indicando que hai publicadas fotos en Facebook, que o acreditan.

#### INTERVENCIÓN GRUPO BNG.- SR. AMENEIROS SERANTES.-

✓ Define a ponte de Pantín coma un verdadeiro atentado visual e expresa a necesidade de que o Concello reclame a Costas a súa retirada e que poña algo acorde co entorno e que teña xeito.

O Sr. Alcalde mostrase disposto a realizar unha petición baixo a fórmula de acordo plenario.

Sr. Vigo Lago.- No meu mandato reclamáramos e faláron de facer a actuación elevada para mantela alonxada das inclemencias pero o problema foi a accesibilidade.

Sr. Alcalde.- Falei deste tema con Costas e lle pedín que o sacaran ou que quitaran as escaleiras e o deixasen coma mirador e contestaron que tiñan moitas reclamacións para que se volvесе a facer e que se puxo barandela de tramos (desmontable) que se pode retirar.

O Pleno, manifestase de acordo en que se redacte unha proposta do Alcalde para aprobar e enviar a Costas.

✓ Pon de manifesto a situación de perigo que se está a dar na estrada da Praia, á altura do establecemento de “O Gitano”, porque os condutores paran na mesma curva para ver de xirar ou non para a esquerda polo que entende que sería ben sinalizar.

✓ Encomenda a reclamación ao Organismo que corresponda para creación na zona de Campelo dunha área de espacemento, de lecer (na zona das baterías).

Sr. Alcalde.- Mantiven reunión con dous representantes do Estado e van acudir ao sitio para este tema, na medida en que a titularidade e competencia da zona é aínda militar.

Sr. Rodríguez Fernández.- Hai moita xente que ía andando (paseando) ata enriba a través dunha pista que está en mal estado e quizáis se poida solucionar reparandoa con grava.

Sr. Alcalde.- Pero non é propiedade do Concello e non podemos actuar.

Sr. Vega Fernández.- Agora a entidade militar de Ferrol ten tamén algunha competencia na zona.

✓ Focaliza coma grave a situación que se está a dar co camping municipal manifestando que non a entende.

Sr. Alcalde.- Non sacamos a concesión porque se nos foron os tempos, non temos autorización para subministro eléctrico (problema técnico). Habería que facer nova concesión e facer unha nova instalación interna, non executamos a obra, é un “debe” noso, do grupo de goberno. Actualmente está aberto o espazo para caravanas, é soio para aparcamento.

Sr. Vigo Lago.- Hai unha normativa específica para caravanas; precisase entre outros requisitos servizo de verquido.

Sr. Alcalde.- É soio para estacionar, non para acampar, e comunicouse á Turismo.

Sr. Vigo Lago.- Deberíase controlar ben que iso sexa legal.

Sr. Alcalde.- As instalacións estanse usando todo o día para actividades deportivas.

Sr. Saavedra Gutiérrez.- O local de recepción do camping está funcionando coma oficina de deportes, atendida pola técnica deportiva que contratamos. Imos recuperar torneos, fixemos bautismos de mar, etc...

Sr. Ameneiros Serantes.- Esta situación está dándolle a Valdoviño unha imaxe lamentable e unha perda económica e non poido entender coma se está así cando hai un ano tanta crítica se fixera ao anterior mandato.

Sr. Alcalde.- Recoñezoo e o asumo eu.

Sr. Ameneiros.- Non é asumible. Ademáis isto ten unha grande transcendencia porque os campistas habituais tiñan a convición de que se ía abrir. Agora iranse para outros lugares e ao mellor non retornan para vindeiros anos.

Sr. Rodríguez Fernández.- ¿As actividades que decides que se fan alí están amparadas legalmente?.

Sr. Alcalde e Sr. Saavedra.- Sí.

Sra. Freire Aneiros.- A escola de surf ¿está instalada dentro do camping?

Sr. Saavedra.- É un container.

Sr. Vigo Lago.- Apoiamos para resolver este asunto do camping pero sempre que se faiga ben, con elaboración de proxecto, marcando parámetros, e contemplando a debida instalación eléctrica. O problema ven, cando se autorizan usos indebidos.

Sr. Alcalde.- A instalación cumpre, pero non para unha nova concesión.

Sr. Vigo Lago.- Hai un documento de Industria no concello que indicaba que a instalación do camping non cumpria. Ademáis o seu grupo de goberno meteu un grupo electrógeno que non se debía poñer.

Sr. Ameneiros.- Debería facerse un proxecto de camping que contemplase o uso non soio no verán.

Sr. Alcalde.- Está un técnico cos pregos, existe estudio económico-financeiro e farase proposta para a explotación da instalación e delo falaremos en comisión e recolleremos aportacións dos grupos.

#### INTERVENCIÓN GRUPO U POR V.- SR. BACORELLE ROBLES.-

✓ ¿O camping municipal poderíase abrir con carácter temporal este verán?

Sr. Alcalde.- Sí, se houbese autorización de luz.

Sr. Bacorelle.- Ou sea, que non se pode.

✓ Sobre o edificio “O Siroco” e sobre local da Cámara Agraria ¿hai algunha nova?

Sr. Alcalde.- Respecto ao edificio “O Siroco” falamos co dono, quen lle fixera unha oferta ao Concello e lle dixemos que non podíamos aceptala.

En canto ao local da Cámara Agraria, hai unha sentenza favorable ao Concello. Hai declaración de ruina. Falamos con Secretaría Xeral para valoración do derrubo. Estiven en Patrimonio para ver si é posible non ordenar a execución.

Sr. Bacorelle.- ¿Limpouse polo Concello o espazo anexo ao local de “O Siroco”?

Sr. Vega.- Sí. Houbo un erro.

✓ Recomenda se comprobe o horario de apertura do local (chiringuito) da Praia, e o seu cumprimento porque dí que alomenos algún día estaba pechado ás nove menos dez.

✓ Roga se valore a posta de luz nos servizos da Praia.

Sr. Vega Fernández.- Sí, é preciso.

Sr. Saavedra Gutiérrez.- Sí, e tamén poñer luz no parque da Praia.

✓ Pregunta polo custo da guía municipal e polo seu reparto; considerando que os grupos deberían dispoñer dalgunha.

Sra. García López.- Repartiuse por diversos locais e en locais municipais; fíxose distribución dende a oficina de turismo.... O custo foi de 1500 ou 2000 euros.

✓ ¿Sabese algo sobre o mantemento do campo de fútbol de herba artificial?

Sr. Saavedra.- Non saen axudas ata o mes de setembro.

Sr. Alcalde.- Reincidiuse con este tema na Deputación, pero o problema está no informe da intervención do Organismo Provincial.

Sr. Saavedra.- Non saben aínda cantos cartos van destinar nese previsto Plan e valorarase a cubrición da piscina municipal ou atender ó amaño do campo de fútbol.

#### INTERVENCIÓN GRUPO PP.- SR. VIGO LAGO.-

✓ Reitera a pregunta sobre a qué se pensa destinar o espazo libre do mercado.

Sr. Alcalde.- Fixeramos unha reunión falando da posibilidade de usalo coma Centro de Día (considerouse non axeitado) ou daquela, para Centro Socio-comunitario.

✓ Volve a interesarse polo contido do escrito sobre o humedal de A Lagoa, con rexistro de entrada o 20 de maio (polo que preguntara na anterior sesión plenaria).

Sr. Alcalde.- Recoñezo que non o comprobei.

✓ Reitera a pregunta do pleno anterior sobre escrito de entrada remitido pola FEGAMP, relativo á sistemas de información xeográfica e cartográfica.

Sr. Alcalde.- Estase elaborando pola FEGAMP un convenio nesta materia para asinar cos concellos.

✓ Manifesta que no pleno do 18 de decembro do pasado ano se preguntou polos pregos do alumeadado público, que no do 20 de maio deste ano preguntou tamén o voceiro de CENVAL e se lle contestou o mesmo, polo que queda plasmado que en todo este tempo non se fixo nada.

Sr. Alcalde.- Estamos traballando nese tema.

Sra. Secretaria.- Falta a incorporación dos puntos de luz.

Sr. Vigo Lago.- Os puntos de luz, constan na auditoria que se tiña feita.

✓ Pregunta acerca dun rexistro de entrada referente ao recurso de “Motriz Estructuras”.

Sra. Secretaria.- Chegaron sentenzas que son firmes.

Sr. Vega Fernández.- E no día de hoxe se fixo o pagamento.

✓ Pregunta por un escrito de entrada de “Acebedo Zambrano” no que presenta importe de minutas.

Sr. Alcalde.- Dí que mirará de qué se trata.

✓ Pregunta por un escrito que entrou no rexistro municipal procedente do Colexio de Enxeñeiros Industriais.

Sr. Alcalde.- Remitiron escrito no que ofertan apoio ao concello e outro referente a un curso.

✓ ¿Hai un convenio coa FEGAMP do tema de catastro?

Sr. Alcalde.- Non.

✓ Pregunta por un escrito de interesados de petición de abono de xusti-prezo por expropiación por obras nos paseos das praias.

Sr. Alcalde.- Piden se lles pague a expropiación.

✓ ¿Qué obras se están facendo por “Armaduras Metálicas San Juan?”

Sr. Vega .- Ningunha obra. Será que subministran material (feralla) para o traballo dos operarios municipais.

Sr. Rodríguez Fernández.- Insiste na interese de contar con desfibriladores en locais municipais e da impartición de cursos de primeiros auxilios, que pode ser a través das Asociacións.

Sr. Alcalde.- Hai xente que se nos ofreceu e ademáis a Mancomunidade está valorando pedir ofertas e que se distribúan as unidades aos concellos.

O Sr. Alcalde, informa finalmente de que existen denuncias en número importante por invasión da vexetación, e que ás veces o concello non pode comunicarse cos propietarios, polo que nalgún caso, en aras da seguridade, efectuará a limpeza o concello.

Rematados os asuntos a tratar, ás dez horas e corenta minutos, o Sr. Alcalde, levanta a sesión, da que se estende esta acta, que como Secretaria DOU FE do seu contido.

A Secretaria,

O Alcalde,